

**ACTA DA SESIÓN TELEMÁTICA ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 28 DE MAIO DO 2020.****Sesión 04/2020-P**

<p style="text-align: center;"><u>SRES/RAS ASISTENTES</u></p> <p style="text-align: center;"><u>PRESIDENTE</u></p> <p>D. Óscar Benito Portela Fernández</p> <p style="text-align: center;"><u>CONCELLEIROS</u></p> <p>D^a María Pilar Taibo Fernández D. Xosé Fernando Fariña Andrade D^a Rebeca Mouriño Neira D^a Ana Paola Mondaca González D. María Luisa Rúa Prieto D^a María Soraya Salorio Porral D^a María José García Freire D. José Luis Tellado Villares (auséntase ás 21:43 h) D. José Luis García Pazos D. Alberto Manuel García Coteló D^a María Pardo Fafián D. Ramiro Blanco Montero D^a Isabel Reimúndez Suárez D^a Laura Rodríguez Pena D^a María Nogareda Marzoa D. Breogán Blanco González</p> <p style="text-align: center;"><u>INTERVENTOR</u></p> <p>D. Jaime Presas Beneyto</p> <p style="text-align: center;"><u>SECRETARIA</u></p> <p>D^a M^a del Carmen Seoane Bouzas</p>	<p>No territorio español, sendo as 20.00 horas do día xoves 28 de maio do 2020, baixo a presidencia do sr. alcalde D. Óscar Benito Portela Fernández, asistido pola secretaria da Corporación D^a M^a del Carmen Seoane Bouzas, quen da fe do acto, reúnense por videoconferencia a través da aplicación Zoom os sres. concelleiros relacionados, membros todos da Corporación, co obxecto de realizar nunha primeira convocatoria a sesión telemática ordinaria prevista para o día de hoxe, de acordo coa seguinte orde do día.</p>
------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------

ORDE DO DÍA:

Abre a sesión o Presidente dando a benvida a todas e a todos a este primeiro Pleno ordinario telemático do Concello de Sada e cédelle a palabra á Secretaria, quen pregunta para os efectos do art. 46.3 da Lei 7/1985 se hai algún concelleiro que se atope fóra do territorio español sen que ninguén conteste en sentido afirmativo, polo que queda validamente constituído o Pleno.

1º.- APROBACIÓN DE ACTAS.

Pola Presidencia pregúntaselles aos membros da Corporación presentes se teñen que formular algunha observación á acta da sesión núm. 02/2020, do 27 de febreiro.



Intervén a sra. Salorio, voceira do grupo municipal do Partido Popular, solicitando unha explicación por escrito do porque se trataron como rogos tres mocións presentadas polo seu grupo e outra do grupo socialista, aínda que non afecte ao contido da acta que anuncia que han aprobala. A secretaria aclara que non ten problema ningún en dar as explicacións necesarias pola canle que prefiran e que xa se lle ofreceu que acudira presencialmente por secretaria.

Non habendo máis intervencións, queda aprobada por unanimidade a acta da devandita sesión, ordenando a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto polo artigo 110.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais.

2º.- RECOÑECEMENTO DE COMPATIBILIDADE Á CONCELLEIRA ANA PAOLA MONDACA GONZÁLEZ.

Dáse lectura pola secretaria do ditame favorable da Comisión Informativa Xeral núm. 3/2020, do 21 de maio, que recolle:

<<1º.- Acordar, en función do establecido na DA 3ª do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, que declara o estado de alarma, que o expediente debe continuar por afectar ao funcionamento interno básico dos servizos, dado que é preciso regular o réxime de compatibilidade da concelleira.

2º.- Autorizar a compatibilidade solicitada por Dª Ana Paola Mondaca González como Concelleira delegada do servizo de Cultura, en réxime de dedicación parcial, coa actividade privada como secretaria técnica na asociación Enxeñería Sen Fronteiras Galicia, cunha retribución anual bruta de 8.760,96.- euros, no horario os luns de 16:00 a 19:30 horas, segundo o certificado de empresa que achega coa súa solicitude; os martes, mércores e xoves de 09:00 a 14:30 horas.

3º.- O anterior recoñecemento de compatibilidade queda condicionado a que a actividade se desenvolva, en todo momento, en horario non coincidente co das funcións correspondentes ao cargo de concelleira delegada, e non supoña en ningún caso impedimento ou menoscabo do estrito cumprimento dos deberes como concelleira>>.

As representacións dos distintos grupos municipais anuncian que han votar a favor da proposta.

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 17 (6 SM, 5 PP, 2 PSOE, 2 BNG, 2 AV).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobado por unanimidade o seguinte **ACORDO**:

1º.- Acordar, en función do establecido na DA 3ª do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, que declara o estado de alarma, que o expediente debe continuar por afectar ao funcionamento interno básico dos servizos, dado que é preciso regular o réxime de compatibilidade da concelleira.

2º.- Autorizar a compatibilidade solicitada por Dª Ana Paola Mondaca González como Concelleira delegada do servizo de Cultura, en réxime de dedicación parcial, coa actividade privada como secretaria técnica na asociación Enxeñería Sen Fronteiras Galicia, cunha retribución anual bruta de 8.760,96.- euros, no horario os luns de 16:00 a 19:30 horas, segundo o certificado de empresa que achega coa súa solicitude; os martes, mércores e xoves de 09:00 a 14:30 horas.

3º.- O anterior recoñecemento de compatibilidade queda condicionado a que a actividade se desenvolva, en todo momento, en horario non coincidente co das funcións correspondentes ao cargo de concelleira delegada, e non supoña en ningún caso impedimento ou menoscabo do estrito cumprimento dos deberes como concelleira.

3º.- RECOÑECEMENTO DE COMPATIBILIDADE Á CONCELLEIRA MARÍA LUÍSA RÚA PRIETO.

Dáse lectura pola secretaria do ditame favorable da Comisión Informativa Xeral núm. 3/2020, do 21 de maio, que recolle:



<<1º.- Acordar, en función do establecido na DA 3ª do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, que declara o estado de alarma, que o expediente debe continuar por afectar ao funcionamento interno básico dos servizos, dado que é preciso regular o réxime de compatibilidade da concelleira.

2º.- Autorizar a compatibilidade solicitada por Dª. María Luisa Rúa Prieto como Concelleira delegada da área de Medio Ambiente e Normalización Lingüística, en réxime de dedicación parcial, coa actividade privada como coidadora de atención directa en ASPRONAGA, cunha retribución bruta anual de 8.114,05.- euros, cunha xornada do 50%, nun horario de traballo rotatorio, por quendas de fin de semana, diferente, en todo caso, ao que ten como cargo público, de luns a venres de 9:00 a 14:00 horas.

3º.- O anterior recoñecemento de compatibilidade queda condicionado a que a actividade se desenvolva, en todo momento, en horario non coincidente co das funcións correspondentes ao cargo de concelleira delegada, e non supoña en ningún caso impedimento ou menoscabo do estrito cumprimento dos deberes como concelleira>>.

As representacións dos distintos grupos municipais anuncian que han votar a favor da proposta.

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 17 (6 SM, 5 PP, 2 PSOE, 2 BNG, 2 AV).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobado por unanimidade o seguinte **ACORDO**:

1º.- Acordar, en función do establecido na DA 3ª do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, que declara o estado de alarma, que o expediente debe continuar por afectar ao funcionamento interno básico dos servizos, dado que é preciso regular o réxime de compatibilidade da concelleira.

2º.- Autorizar a compatibilidade solicitada por Dª. María Luisa Rúa Prieto como Concelleira delegada da área de Medio Ambiente e Normalización Lingüística, en réxime de dedicación parcial, coa actividade privada como coidadora de atención directa en ASPRONAGA, cunha retribución bruta anual de 8.114,05.- euros, cunha xornada do 50%, nun horario de traballo rotatorio, por quendas de fin de semana, diferente, en todo caso, ao que ten como cargo público, de luns a venres de 9:00 a 14:00 horas.

3º.- O anterior recoñecemento de compatibilidade queda condicionado a que a actividade se desenvolva, en todo momento, en horario non coincidente co das funcións correspondentes ao cargo de concelleira delegada, e non supoña en ningún caso impedimento ou menoscabo do estrito cumprimento dos deberes como concelleira.

4º.- MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 08/20. CRÉDITO EXTRAORDINARIO 02/2020.

Dáse lectura pola secretaria do ditame favorable da Comisión Informativa Xeral núm. 3/2020, do 21 de maio, que recolle:

<<Primeiro.- Acordar, en función do establecido na DA 3ª do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, que declara o estado de alarma, que o expediente debe continuar por vir referido a funcionamento básico de servizos e para a protección do interese xeral na tramitación de expedientes de subvencións nas que o concello figura como beneficiario.

Segundo.- Aprobar o expediente de modificación de créditos 08/2020, de crédito extraordinario financiado con cargo ao remanente de tesourería para gastos xerais, debendo ser incrementados os créditos correspondentes ás aplicacións que se detallan a continuación por un importe global de 438.571,93 €. En aplicación do artigo 177.6 do TRLFL o acordo será inmediatamente executivo:

Estado de gastos:

Aplicación	Denominación	Importe
1532.61900	Vías urbanas. Conservación infraestructura	141.121,09
165.22706	Alumeado público. Estudos y traballos técnicos	59.411,00
165.60900	Alumeado público. Outra infraestructura	162.773,55
2411.63200	Centro formación ocupacional. Edificios	52.193,84



453.61900	Camiños. Conservación infraestrutura	23.072,45
TOTAL		438.571,93

Estado de ingresos

Subconcepto	Denominación	Importe
87000	Remanente de tesourería para gastos xerais.	438.571,93
TOTAL		438.571,93

Terceiro.- Disponer, en aplicación dos artigos 177 e 169 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, a exposición ao público durante 15 días hábiles mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia a efectos de que os interesados poidan presentar as reclamacións que estimen pertinentes. Se transcorrido o dito prazo non se formularon reclamacións, o expediente considerárase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presentaran reclamacións, o pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

Cuarto.- Publicar, en cumprimento do artigo 169.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, o resumo por capítulos do expediente definitivamente aprobado no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor >>.

O interventor aprecia que hai un erro ao final do apartado segundo da proposta, pois segundo explica non se cumpren os requisitos para que este expediente sexa inmediatamente executivo, polo que se decide suprimir a última oración dese apartado, que di “En aplicación do artigo 177.6 do TRLFL o acordo será inmediatamente executivo”.

Debátese a proposta, coas intervencións, por esta orde, dos seguintes concelleiros e concelleiras: sr. Fariña, concelleiro delegado de Obras e Servizos, do grupo municipal Sadamaioría, quen explica as obras a realizar; sra. Nogareda, polo grupo municipal Alternativa dos Veciños; sra. Reimúndez, polo grupo municipal BNG; sra. Pardo, polo grupo municipal socialista, quen logo da súa explicación anuncia que han votar en contra; sr. Tellado, do grupo municipal PP, quen tamén logo de explicar as razóns do seu grupo anuncia que se han abster. Novamente o sr. Fariña; sra. Pardo; sr. Tellado; Presidente; sr. Tellado; sra. Pardo; Presidente.

O contido íntegro do debate atópase recollido nun formato de arquivo audiovisual asinado electronicamente, ao que pode accederse pola ligazón reflectida ao remate desta acta, á que está unido e forma parte do expediente da sesión.

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 10 (6 SM, 2 BNG, 2 AV).
- Votos en contra: 2 PSOE.
- Abstencións: 5 PP.

Resultando aprobado por maioría absoluta o seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Acordar, en función do establecido na DA 3ª do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, que declara o estado de alarma, que o expediente debe continuar por vir referido a funcionamento básico de servizos e para a protección do interese xeral na tramitación de expedientes de subvencións nas que o concello figura como beneficiario.

Segundo.- Aprobar o expediente de modificación de créditos 08/2020, de crédito extraordinario financiado con cargo ao remanente de tesourería para gastos xerais, debendo ser incrementados os créditos correspondentes ás aplicacións que se detallan a continuación por un importe global de 438.571,93 €:

Estado de gastos:

Aplicación	Denominación	Importe
1532.61900	Vías urbanas. Conservación infraestrutura	141.121,09
165.22706	Alumeado público. Estudos y traballos técnicos	59.411,00

Documento electrónico asinado dixitalmente do que se garante a súa integridade mediante o seu cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público).



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 620 075
Fax: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

exp. 2020/G010/000005

165.60900	Alumeado público. Outra infraestrutura	162.773,55
2411.63200	Centro formación ocupacional. Edifícios	52.193,84
453.61900	Camiños. Conservación infraestrutura	23.072,45
TOTAL		438.571,93

Estado de ingresos

Subconcepto	Denominación	Importe
87000	Remanente de tesourería para gastos xerais.	438.571,93
TOTAL		438.571,93

Terceiro.- Disponer, en aplicación dos artigos 177 e 169 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo, a exposición ao público durante 15 días hábiles mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia a efectos de que os interesados poidan presentar as reclamacións que estimen pertinentes. Se transcorrido o dito prazo non se formularon reclamacións, o expediente considerárase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presentaran reclamacións, o pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

Cuarto.- Publicar, en cumprimento do artigo 169.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, o resumo por capítulos do expediente definitivamente aprobado no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor.

5º.- POS+2020 POS+ ADICIONAL 1/2020 PARA GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DERIVADOS DO COVID-19 (ASIGNACIÓN: 45.960,29 €).

Dáse lectura pola secretaria do ditame favorable da Comisión Informativa Xeral núm. 3/2020, do 21 de maio, que recolle:

<<1.- Acordar, en función do establecido na DA 3ª do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, que declara o estado de alarma, que o expediente debe continuar por vir referido a situacións estreitamente vinculadas aos feitos xustificativos do estado de alarma.

2.- "Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ ADICIONAL 1/2020" da Deputación Provincial da Coruña, para o financiamento de gastos sociais extraordinarios derivados do COVID-19 con cargo a parte do superávit de operacións non financeiras (SONF) 2019 desta deputación, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, segundo se indica a continuación:

Achega provincial asignada aplicada ao financiamento dos gastos sociais extraordinarios derivados do COVID-19	45.960,29 €
---------------------------------------------------------------------------------------------------------------	-------------



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 620 075
Fax: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

exp. 2020/G010/000005

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DERIVADOS DO COVID-19 Prestacións artigo 1.2 RDL 8/2020	PREVISIÓN DE GASTOS 2020 (A)	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS (B)	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado) (A-B)
a)Reforzo dos servizos de proximidade de carácter domiciliario para garantir os coidados, o apoio, a vinculación á contorna, a seguridade e a alimentación, especialmente os dirixidos a persoas maiores, con discapacidade ou en situación de dependencia			
b)Incremento e reforzo do funcionamento dos dispositivos de teleasistencia domiciliaria			
c)Traslado ao ámbito domiciliario, cando sexa considerado necesario, dos servizos de rehabilitación, terapia ocupacional, servizos de hixiene, e outros similares.			
d)Reforzo dos dispositivos de atención a persoas sen fogar, co persoal e medios materiais adecuados			
e)Reforzo do persoal de centros de Servizos Sociais e centros residenciais no caso de que sexa necesario			
f)Adquisición de medios de prevención (EPI).			
g)Ampliación da dotación das partidas destinadas a garantir ingresos suficientes ás familias, para asegurar a cobertura das súas necesidades básicas, xa sexan estas de urxencia ou de inserción.	45.960,29 €		45960,29 €
h)Reforzo con servizos e dispositivos adecuados, dos servizos de respiro a persoas coidadoras e as medidas de conciliación para aquelas familias (especialmente monomarentales e monoparentais) que contan con baixos ingresos e necesitan acudir ao seu centro de traballo ou saír do seu			

Documento electrónico asinado dixitalmente do que se garante a súa integridade mediante o seu cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público).



GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DERIVADOS DO COVID-19 Prestacións artigo 1.2 RDL 8/2020	PREVISIÓN DE GASTOS 2020 (A)	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS (B)	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado) (A-B)
<i>domicilio por razóns xustificadas e/ou urxentes</i>			
<i>i) Outros gastos imprescindibles e urxentes para atender a persoas especialmente vulnerables con motivo desta crise, que sexan debidamente xustificadas.</i>			
T O T A L	45.960,29 €		45.060,29 €

3.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente>>>.

Debátase a proposta, coas intervencións, por esta orde, das seguintes concelleiras e concelleiros: sra. Reimúndez, concelleira delegada de Benestar Social e Igualdade, do grupo municipal BNG, quen abre o debate cunha exposición sobre a proposta; sra. Nogareda, polo grupo municipal Alternativa dos Veciños; sra. Pardo, polo grupo municipal socialista; sra. Salorio, polo grupo municipal PP; sr. Fariña, polo grupo municipal Sadamaioría. Novamente a sra. Reimúndez; sra. Nogareda; sra. Salorio; Presidente.

O contido íntegro do debate atópase recollido nun formato de arquivo audiovisual asinado electronicamente, ao que pode accederse pola ligazón reflectida ao remate desta acta, á que está unido e forma parte do expediente da sesión.

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 17 (6 SM, 5 PP, 2 PSOE, 2 BNG, 2 AV).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobado por unanimidade o seguinte **ACORDO**:

1.- Acordar, en función do establecido na DA 3ª do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, que declara o estado de alarma, que o expediente debe continuar por vir refereido a situacións estreitamente vinculadas aos feitos xustificativos do estado de alarma.

2.- “Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) **“POS+ ADICIONAL 1/2020”** da Deputación Provincial da Coruña, **para o financiamento de gastos sociais extraordinarios derivados do COVID-19 con cargo a parte do superávit de operacións non financeiras (SONF) 2019 desta deputación**, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, segundo se indica a continuación:



Achega provincial asignada aplicada ao financiamento dos gastos sociais extraordinarios derivados do COVID-19	45.960,29 €
---------------------------------------------------------------------------------------------------------------	-------------

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DERIVADOS DO COVID-19 Prestacións artigo 1.2 RDL 8/2020	PREVISIÓN DE GASTOS 2020 (A)	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS (B)	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado) (A-B)
a)Reforzo dos servizos de proximidade de carácter domiciliario para garantir os coidados, o apoio, a vinculación á contorna, a seguridade e a alimentación, especialmente os dirixidos a persoas maiores, con discapacidade ou en situación de dependencia			
b)Incremento e reforzo do funcionamento dos dispositivos de teleasistencia domiciliaria			
c)Traslado ao ámbito domiciliario, cando sexa considerado necesario, dos servizos de rehabilitación, terapia ocupacional, servizos de hixiene, e outros similares.			
d)Reforzo dos dispositivos de atención a persoas sen fogar, co persoal e medios materiais adecuados			
e)Reforzo do persoal de centros de Servizos Sociais e centros residenciais no caso de que sexa necesario			



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 620 075
Fax: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

exp. 2020/G010/000005

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DERIVADOS DO COVID-19 Prestacións artigo 1.2 RDL 8/2020	PREVISIÓN DE GASTOS 2020 (A)	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS (B)	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado) (A-B)
f) Adquisición de medios de prevención (EPI).			
g) Ampliación da dotación das partidas destinadas a garantir ingresos suficientes ás familias, para asegurar a cobertura das súas necesidades básicas, xa sexan estas de urxencia ou de inserción.	45.960,29 €		45.960,29 €
h) Reforzo con servizos e dispositivos adecuados, dos servizos de respiro a persoas coidadoras e as medidas de conciliación para aquelas familias (especialmente monomarentales e monoparentais) que contan con baixos ingresos e necesitan acudir ao seu centro de traballo ou saír do seu domicilio por razóns xustificadas e/ou urxentes			
i) Outros gastos imprescindibles e urxentes para atender a persoas especialmente vulnerables con motivo desta crise, que sexan debidamente xustificadas.			
T O T A L	45.960,29 €		45.060,29 €

3.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Documento electrónico asinado dixitalmente do que se garante a súa integridade mediante o seu cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público).

**6º.- POS+2020 ADICIONAL 2 PARA GASTOS CORRENTES E INVESTIMENTOS FINANCEIRAMENTE SOSTIBLE (ASIGNACIÓN: 172.351,08 €).**

Dáse lectura pola secretaria do ditame favorable da Comisión Informativa Xeral núm. 3/2020, do 21 de maio, que recolle:

<<1.- Acordar, en función do establecido na DA 3ª do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, que declara o estado de alarma, que o expediente debe continuar por afectar ao funcionamento básico dos servizos dado que en tanto non se proceda á súa aprobación definitiva non poderá continuarse co resto de trámites da subvención pola Deputación.

2.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ADICIONAL 2/2020" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

A) Financiamento de gastos correntes:

Gastos correntes	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes	0

B) Financiamento de investimentos financeiramente sostibles:

Investimentos financeiramente sostibles SI incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020	Financiamento dos investimentos		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Renovación da Avda. Párroco Villanueva (Sada)	17956	268076,70	286032,7
Dotación do servizo de distribución de auga na parroquia de Osedo, Sada	136439,98	0	136439,98
Substitución de redes principais e as súas acometidas, instalación de novos servizos e pavimentacións en Praciña da Mariña, rúa Oriente e rúa do Sol, en Sada	17955,10	148011,83	165966,93
TOTAL	172351,08	416088,53	588439,61

C) Resumo:

RESUMO POS+ADICIONAL 2/2020	Financiamento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Gastos correntes	0		
Investimentos incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020	172351,08	416088,53	588439,61
Investimentos non incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020	0	0	0
TOTAL	172351,08	416088,53	588439,61

2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2020 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2020, se a houbera.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das



distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente>>.

Debátese a proposta, coas intervencións, por esta orde, dos seguintes concelleiros e concelleiras: sr. Fariña, concelleiro delegado de Obras e Servizos, do grupo municipal Sadamaioría, que expón a proposta; sra. Nogareda, do grupo municipal Alternativa dos Veciños; sra. Reimúndez, do grupo municipal BNG; sra. Pardo, do grupo municipal socialista, quen dentro da súa intervención solicita unha aclaración por parte do interventor (quen a dá logo da solicitude para os efectos do Presidente), anunciando finalmente que se han abster; sra. García, do grupo municipal PP, quen logo da súa exposición anuncia que o seu grupo vaise abster; Presidente.

O contido íntegro do debate atópase recollido nun formato de arquivo audiovisual asinado electronicamente, ao que pode accederse pola ligazón recollida ao remate desta acta, á que está unido e forma parte do expediente da sesión.

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 10 (6 SM, 2 BNG, 2 AV).

- Votos en contra: Non se produciron.

- Abstencións: 7 (5 PP, 2 PSOE).

Resultando aprobado por maioría absoluta o seguinte **ACORDO**:

1.- Acordar, en función do establecido na DA 3ª do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, que declara o estado de alarma, que o expediente debe continuar por afectar ao funcionamento básico dos servizos dado que en tanto non se proceda á súa aprobación definitiva non poderá continuarse co resto de trámites da subvención pola Deputación.

2.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “**POS+ ADICIONAL 2/2020**” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

A) Financiamento de gastos correntes:

Gastos correntes	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes	0

B) Financiamento de investimentos financeiramente sostibles:

Investimentos financeiramente sostibles SI incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020	Financiamento dos investimentos		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Renovación da Avda. Párroco Villanueva (Sada)	17956	268076,70	286032,7
Dotación do servizo de distribución de auga na parroquia de Osedo, Sada	136439,98	0	136439,98
Substitución de redes principais e as súas	17955,10	148011,83	165966,93



acometidas, instalación de novos servizos e pavimentacións en Praciña da Mariña, rúa Oriente e rúa do Sol, en Sada			
TOTAL	172351,08	416088,53	588439,61

C) Resumo:

RESUMO POS+ADICIONAL 2/2020	Financiamento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Gastos correntes	0		
Investimentos incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020	172351,08	416088,53	588439,61
Investimentos non incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020	0	0	0
TOTAL	172351,08	416088,53	588439,61

2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2020 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2020, se a houbera.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

7º.- CONTROL DA ACTIVIDADE DOS RESTANTES ÓRGANOS DA CORPORACIÓN.**A. Resolucións da Alcaldía ditadas dende o 21 de febreiro (núm. 327) ata o 22 de maio do 2020 (núm. 1.114).**

Para os efectos previstos no Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, dáse conta ao Pleno da Corporación das Resolucións e dos Decretos ditados pola Alcaldía dende o día



21 de febreiro (número 327) ata o 22 de maio do 2020 (número 1.144), que foron postas de manifesto á secretaria da Corporación.

O Presidente aproveita este punto para darlles os seus seus parabéns a todas e a todos os empregados municipais polo seu labor con motivo da crise da COVID-19, destacando nomeadamente a diversos colectivos e a resposta dada na modalidade de tele-traballo, ás empresas concesionarias como a da limpeza viaria, aos voluntarios, aos membros do equipo de goberno e mesmo aos grupos da oposición pola súa lealdade institucional.

O contido íntegro da intervención atópase recollido nun formato de arquivo audiovisual asinado electronicamente, ao que pode accederse pola ligazón recollida ao remate desta acta, á que está unido e forma parte do expediente da sesión.

B.- Mocións.

1ª.- Moción do grupo municipal do Partido Popular relativa ás terrazas dos establecementos de hostalería de Sada.

O sr. Tellado xustifica a urxencia desta moción, presentada polo grupo municipal PP o 23/05/2020 (núm. Rexistro 202099900001015), en que un dos sectores máis castigados por esta pandemia é a hostalaría, que di que ten perdido unha grande parte da súa facturación anual e continúa a facer fronte aos seus gastos fixos, e que como o Concello ten facultade para modificar a ordenanza fiscal solicitan a aprobación da súa proposta de acordos.

Logo de someterse a votación a urxencia da moción resulta aprobada por unanimidade dos membros presentes.

O sr. Tellado procede a dar lectura á dita moción, que a continuación se reproduce integramente:

<<MOCIÓN DEL GRUPO MUNICIPAL DEL PARTIDO POPULAR RELATIVA A LAS TERRAZAS DE LOS ESTABLECIMIENTOS DE HOSTELERÍA DE SADA

Dña Soraya Salorio Porral, Portavoz del grupo municipal del Partido Popular en el Ayuntamiento de Sada, en nombre y representación del mismo, en base a lo dispuesto en el R.O.F y en el art. 64.1 del R.O.M, en tiempo y plazo oportunos para su debate y aprobación si procede por el pleno de esta corporación, presenta la siguiente propuesta:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

La declaración del estado de alarma no solo impuso restricciones en la movilidad de las personas, sino también la suspensión o limitación de un número importante de actividades sociales y económicas ante el riesgo para la salud pública que supone la propagación del COVID-19.

Dentro de los sectores más castigados por esta pandemia se encuentra el de la hostelería, desempeñado por un amplio número de autónomos o pequeñas empresas que generan muchos empleos en nuestro municipio.

Estos establecimientos hosteleros se están viendo privados de gran parte de su facturación anual por el cierre obligado durante la Semana Santa y estos meses de primavera. Además, la gran mayoría deben afrontar gastos operativos fijos, como los financieros, alquiler, suministros o tributarios, que comprometen seriamente su viabilidad económica.

En el artículo 15 de la "Orden SND/399/2020, de 9 de mayo, para la flexibilización de determinadas restricciones de ámbito nacional, establecidas tras la declaración del estado de alarma en aplicación de la fase 1 del Plan para transición hacia una nueva normalidad" publicada en el BOE del pasado 9 de mayo se establece que en aquellas unidades territoriales, como Galicia, a las que les sea aplicable la fase 1 podrán abrir al público las terrazas al aire libre de los establecimientos de hostelería y restauración limitándose al 50% las mesas permitidas en el año 2019 en base a la correspondiente licencia municipal. Así mismo, este precepto habilita a los ayuntamientos a permitir el incremento del número de mesas que le correspondería a ese establecimiento aumentando la superficie destinada a terraza, y con ello facilitando que se respeten las necesarias distancias de seguridad entre sillas y mesas (de un mínimo de dos metros). Actualmente en la fase 2, no se ha modificado su ocupación, y es previsible que se mantenga, así como las distancias mínimas de seguridad, mientras exista riesgo para la salud durante el resto del año.

En nuestro ayuntamiento no solo debe ser ágil la resolución de estos permisos, sino también diligente la información a los titulares de estos establecimientos de esta posibilidad normativa y de disponibilidad de la administración local para su implementación ampliando las terrazas y las zonas peatonales o de aparcamiento, así como cerrando determinadas calles al tráfico para disponer de un mayor espacio para pasear y ubicar mesas, y así garantizar la salud de todos, que debe ser nuestra máxima prioridad.

Por otra parte, este ayuntamiento en el uso de las facultades concedidas por las leyes reguladoras de las bases de régimen local y de las haciendas locales aprobó la ordenanza fiscal que establece una tasa por la instalación de terrazas. Ante la caída de los ingresos de estos establecimientos, las limitaciones de aforo y distancia justificadas por motivos sanitarios y una honda repercusión en el empleo que



tiene este sector, no hubo otro momento más justificado que este para establecer una exención del pago de la tasa por la instalación de terrazas.

Por lo expuesto, el Grupo Municipal Popular en el ayuntamiento de Sada, presenta la siguiente:

PROPUESTA DE ACUERDOS

1º. El ayuntamiento de Sada modificará los espacios públicos disponibles que permitan incrementar el número y superficie de las terrazas de los establecimientos de hostelería.

2º. El ayuntamiento de Sada modificara la “Ordenanza reguladora de la instalación de terrazas de hostelería en terrenos de uso público” que permita incrementar el número y superficie de las terrazas, y resolverá las solicitudes de permiso con la máxima celeridad posible.

2º. El ayuntamiento de Sada modificara la ordenanza fiscal nº 2 reguladora de la tasa por ocupación de terrenos de uso público con mesas y sillas, estableciendo la exención excepcional del cumplimiento de la obligación tributaria derivada del aprovechamiento y ocupación de la vía pública a los establecimientos y ocupación de la vía pública a los establecimientos hosteleros durante este año 2020 por motivo de la pandemia del COVID-19, considerando las liquidaciones practicadas como a cuenta del próximo año>>.

O sr. Tellado fai algunhas consideracións adicionais. A sra. Pardo, do grupo municipal socialista, presenta unha emenda. O Presidente, logo de expoñer a súa opinión, di que vaise debater primeiramente o que é a moción.

A continuación débátese a moción proposta, coas intervencións, por esta orde, das seguintes concelleiras e concelleiros: sra. Nogareda, polo grupo municipal Alternativa dos Veciños; sra. Reimúndez, polo grupo municipal BNG; sra. Pardo, polo grupo municipal socialista. Novamente o sr. Tellado; sra. Taibo, do grupo municipal Sadamaioría; Presidente; sr. Tellado; sra. Pardo, quen retira a emenda do seu grupo; Presidente; sra. Pardo; sr. Tellado.

Como resultado do debate o Presidente, consultando o seu parecer aos grupos municipais e coa asistencia técnica da secretaria, finalmente propón, coa condición de que o próximo martes se reúna a Xunta de Portavoces, votar deixar sobre a mesa este asunto.

O contido íntegro do debate atópase recollido nun formato de arquivo audiovisual asinado electronicamente, ao que pode accederse pola ligazón reflectida ao remate desta acta, á que está unido e forma parte do expediente da sesión.

Logo de terse debatido o asunto, procédese á votación co obxecto de deixalo sobre a mesa, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 17 (6 SM, 5 PP, 2 PSOE, 2 BNG, 2 AV).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobado por unanimidade o seguinte **ACORDO**:

Único.- Deixar sobre a mesa o proposto ao Pleno desta Corporación na moción relativa ás terrazas dos establecementos de hostalería de Sada, presentada polo grupo municipal PP o 23/05/2020 (núm. Rexistro 202099900001015), coa condición de se reunir para os efectos a Xunta de Portavoces o próximo martes.

Sendo as 21:43 horas o sr. Tellado comunica e explica á Presidencia a razón pola que se ve obrigado a abandonar a sesión, escusándose para os efectos, e abandona a sesión.

2ª.- Moción do grupo municipal do Partido Popular para a adopción de medidas sociais e económicas en relación á crise do COVID-19.

A sra. García xustifica a urxencia desta moción, presentada polo grupo municipal do PP o 26/05/2020 (núm. rexistro 202099900001050), en que se dea no Concello a recuperación económica e social á maior brevidade posible.



Logo de someterse a votación a urxencia da moción resulta aprobada por unanimidade dos membros presentes.

A sra. García procede a dar lectura á dita moción, que a continuación se reproduce integramente:

<<MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR PARA A ADOPCIÓN DE MEDIDAS SOCIAIS E ECONÓMICAS EN RELACIÓN Á CRISE DO COVID-19

Dña Soraya Salorio Porral, Portavoz do grupo municipal do Partido Popular no Concello de Sada, en nome e representación do mesmo, con arreglo ao disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais desexa elevar ao Pleno Municipal a seguinte Proposta de MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O venres 13 de marzo de 2020 publicouse no DOG o Acordo do Consello da Xunta de Galicia polo que se declaraba a situación de emerxencia sanitaria ante a evolución da epidemia do coronavirus COVID-19 na nosa Comunidade Autónoma, que daquela contaba con 7 pacientes ingresados en UCI, 26 en unidades de hospitalización, 79 no domicilio e ningún falecido.

Ese mesmo 13 de marzo, os datos en España eran máis preocupantes: xa faleceran 120 persoas e o número de contaxiados positivos eran 4.209. Esta situación levou ao goberno a declarar o estado de alarma mediante o Real Decreto 463/2020, que entrou en vigor o domingo 15 de marzo.

A declaración do estado de alarma e a situación de emerxencia sanitaria estableceron a suspensión ou limitación dun número importante de actividades sociais e económicas, así como restricións na mobilidade das persoas (a través do Real Decreto 463/2020) ante o risco para a saúde pública que supón a propagación deste virus.

Todas as administracións debemos traballar coa máxima lealdade e coordinación para implementar, dentro do noso respectivo marco competencial, medidas que garantan a seguridade e a saúde dos cidadáns, así como tamén aquelas que contribúan a minimizar o impacto económico e social derivado desta crise sanitaria.

E, en primeiro lugar, nós debemos velar porque o noso concello, en función das nosas disponibilidades orzamentarias e persoais, e dado o seu carácter de administración máis próxima ao cidadán, preste a millor atención posible aos colectivos máis vulnerables, así como aos sectores máis castigados por esta pandemia co obxectivo de que a recuperación económica e social se produza á maior brevidade posible.

Polo exposto, o Grupo Municipal Popular no concello de Sada, presenta a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDOS

1º. O concello de Sada aprobará e implantará, a través dos correspondentes órganos competentes, e con respecto a legalidade vixente, a Creación do Comité para a recuperación de Sada, formado por unha persoa de cada grupo político, ex alcaldes, técnicos municipais, representantes dos hostaleiros, comerciantes e empresarios e das entidades sociais, cos seguintes obxetivos:

- a) Deseño de Estratexia de dinamización e consumo no comercio, servizos e hostalaría local (mapa interactivo que facilite a localización e coñecemento dos negocios, implicación na plataforma ventas online e planificación de actividades culturais)*
- b) Apoio económico directo a familias con dificultades por COVID-19.*
- c) Aprobación dun plan de apoio ás entidades sociais que traballan cos colectivos máis vulnerables e na loita contra a violencia machista.*
- d) Programación alternativa á Feira Modernista que active e dinamice o consumo na hostalería e comercio da nosa vila*
- e) Redeseño das Festas Patronais de San Roque 2020.*

2º. O seguimento e a verificación do cumprimento das anteriores medidas incluírase como un punto específico da orde do día das sesións plenarias desta Corporación municipal>>.

A continuación débátese a moción proposta, coas intervencións, por esta orde, das seguintes concelleiras e concelleiros: sra. Nogareda, polo grupo municipal Alternativa dos Veciños; sra. Reimúndez, polo grupo municipal BNG; sr. Blanco Montero, polo grupo municipal socialista; sra. García, polo grupo municipal PP; sra. Mondaca, polo grupo municipal Sadamaioría; novamente a sra. Nogareda; Presidente.

O contido íntegro do debate atópase recollido nun formato de arquivo audiovisual asinado electronicamente, ao que pode accederse pola ligazón reflectida ao remate desta acta, á que está unido e forma parte do expediente da sesión.

Logo de terse debatido o asunto, procédese á súa votación, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 4 PP.
- Votos en contra: 12 (6 SM, 2 PSOE, 2 BNG, 2 AV).
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando rexeitada a moción presentada por maioría absoluta dos presentes.



C.- Rogos e preguntas.

O sr. Blanco Montero formula catro rogos e expón unha pregunta por parte do grupo municipal Socialista:

- 1) Roga que se convoquen canto antes as axudas para as PEMES e os autónomos pola COVID-19.
- 2) Roga que se deseñen e executen campañas para promover o consumo local, para unha resiliencia colectiva.
- 3) Roga que se axilien as obras do Paseo Marítimo, se retome o proxecto de remodelación da Rúa da Praia e do Currunchos e que se dea unha solución definitiva para a praia.
- 4) Roga que se atenda o mantemento básico e en particular que se limpen as marxes da rede viaria.
- 5) Pregunta sobre o bordo litoral e en particular sobre o rogo que efectuou sobre o edificio da Sociedade no Pleno do pasado 27 de febreiro.

A sra. Pardo expón cinco preguntas por parte do grupo municipal Socialista:

- 1) Pregunta que está a suceder coa obra do Paseo Marítimo, se hai unha data para a súa finalización. Responde o sr. Fariña, concelleiro delegado de Obras e Servizos.
- 2) Pregunta con relación ás obras do Paseo Marítimo se se desbotou a idea das piscinas do BNG. Responde o sr. Fariña.
- 3) Pregunta cando se vai convocar o Pleno para debater sobre o edificio do “Náutico”. Contesta o Presidente.
- 4) Pregunta se os usuarios das actividades socioculturais suspendidas polo estado de alarma teñen que solicitar a devolución das cotas ou se se vai facer de oficio.

A sra. Mourinho, concelleira delegada de Participación Cidadá, Transparencia, Cooperación, Mocidade e Novas Tecnoloxías, dá resposta.

- 5) Pregunta cando e como se lles vai dar acceso ao expediente sobre as piscinas. Contesta o Presidente.

A sra. Rodríguez, concelleira delegada de Promoción Económica, Turismo e Emprego, dá unha explicación sobre os diferentes rogos ou preguntas relacionados coa súa responsabilidade expostos polos membros do grupo municipal Socialista.

O sr. García expón tres preguntas por parte do grupo municipal do Partido Popular:

- 1) Pregunta, con relación ao expediente 2020/G003/001022, no que se aproba a liquidación do orzamento municipal do exercicio 2019, por que o Concello ten perdas se hai máis dereitos que obrigas.
- 2) Pregunta, con relación ao resultado orzamentario axustado, por que hai unha diferenza de 0,36 céntimos no resultado con relación á suma das cantidades que non debera haber.
- 3) Pregunta, con relación ao remanente de Tesourería de gastos xerais, os desfases que aprecia nas cantidades. Dá contestación a todo o anterior o Interventor, por indicación do Presidente.

A sra. Salorio expón unha pregunta e formula un rogo por parte do grupo municipal do Partido Popular:

- 1) Pregunta sobre as previsións para a xestión do uso das praias (pola COVID-19) se vai haber cita previa e de ser o caso se vai haber preferencia para os empadroados no municipio. Contesta o Presidente.
- 2) Logo dunha aclaración á sra. Rodríguez e dunha felicitación xeral aos empregados municipais, felicita e roga que se faga unha mención especial para os equipos de garda da Policía Local e do Centro de Saúde de Sada a noite do 9 ao 10 de maio, pola asistencia a un parto.

O contido íntegro das intervencións atópase recollido nun formato de arquivo audiovisual asinado electronicamente, ao que pode accederse pola ligazón reflectida ao remate desta acta, á que está unido e forma parte do expediente da sesión.



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 620 075
Fax: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

exp. 2020/G010/000005

Antes de dar por rematada a sesión, o Presidente dá a coñecer unha noticia de última hora, das dez da noite, sobre que o Goberno do Estado acaba de comunicar que para o cálculo da capacidade nas praias en Galicia terase en conta a preamar e a baixamar.

E non sendo máis os asuntos para tratar, levántase a sesión cando son as 22 horas e 42 minutos do día xoves 28 de maio do 2020, do que como secretaria dou fe e certifico, asinando dixitalmente a presente acta electrónica, co visado do alcalde Óscar Benito Portela Fernández, que leva unida o arquivo audiovisual asinado electronicamente que se incorpora ao expediente e ao que se pode acceder na seguinte ligazón:

https://sede.sada.gal/gl/portal_transparencia/Relevancia_Juridica/Normativa/Normativa.html.